

Arredor de “Negra sombra”

Salvador Lorenzana

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LORENZANA, SALVADOR (2011 [1975]). “Arredor de ‘Negra sombra’”. *Nordés*: 2-3, 25-26. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/844>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LORENZANA, SALVADOR (1975). “Arredor de ‘Negra sombra’”. *Nordés*: 2-3, 25-26.

* Edición dispoñíbel desde o 13 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ARREDOR DE “NEGRA SOMBRA”

Teñen sido moitas, e algunhas de grande agudeza, as interpretacións que se levan feito de «Negra sombra», o popular poema rosalián. Pero, ¿qué hai de certo neste poema? Quezáis o que Carballo Calero apunta: unha lembranza, unha mala lembranza. Rosalía tencionóu soio espresar nestes versos unha vivencia do seu existir cotián. I ese mesmo acento que se reflexa nos octosílabos do poema cuio título popularizóu a melodía de Montes, atópase tamén noutras composicións da autora de *Follas Novas*.

Léndo de vagar os poemas recollidos neste volume chega ún a preguntárese: ¿Sentíu nalgún intre Rosalía o entusiasmo, o outimismo, a esperanza? Inútilmente temos percurado o proxecto dunha ilusión nesa muller, entregada ao seu crear poético, ao estudio do intuitivo e racional que intervén na composición da poesía, a afondar a súa propia soedade. En valuto requerimos á sombra que escorra polo seu verso pra que nos empreste inda que seña unha sinxela imaxe da súa real intimidade. De certo, a súa natureza non lle consinte amosarse sinón na medida que o fai. Hai algo indefinible que semella chegar do fondo do tempo que lle impide ao seu ánimo franquear os ánimos dunha indecible anguria.

Abstraída, lonxana, amurada en pensamentos que a afastan da común realidade, permanez allea aos efusivos estremecimentos vitáis. Volta arreo cara o seu interior, dexergando as tornasoladas fonduras de sí mesma, o que pasa á súa beira axina se decata de que está a perseguir a inefable melodía dun ritmo, a presenza dunha lírica imaxe atobada no ár, antre o tempo. Cando trasfire ao poema canto lle anda no espírito, espresao valéndose do que os arredores lle ofrecen aos seus ollos. A súa vibración máis íntima dícea ás veces a traveso da paisaxe. Millor dito, quere que seña a paisaxe quen a diga, quen traduza o seu reflexo interior. Daquela, a paisaxe quédase calma, silandeira, trasparente. Hai como unha lentitude no ár, unha soavidade, unha dozura, que atristura as cousas, que as sotiliza, que case as volve espírito.

Sempre está en Rosalía un trasfondo de tristura, un desacougo metafísico, un desasimento do mundo, unha soedade que ven ser como deshabitada extensión sin lindeiros. E nesta soedade, atristurada, anguriosa, descobre *pasados* que abraian o seu ánimo: a daquel fantasma que a arrepiá, a daquela memoria de tempos idos, a da negra sombra que a asombra. Mesmamente en «Negra sombra», o zoar do vento, o brillar da estrela, o marmurio do río ensombrizan o seu ánimo, porque a sombra está en todo i éo todo pra ela, porque nela sempre mora. A omnipresencia da sombra e o seu misterio indeterminado cobran unha forza lírica no poema, que ven ser, en certo xeito, como a simboloxía do resto da poética de *Follas Novas*. Hai nel acentos de cualitativo vigor, de autenticidade, de anguriosa desesperanza.

O tema vivencial que Rosalía reflexa en «Negra sombra», ven simbolizar a esencia dunha creación que se proxecta sobre da contemplación do problema

do ser. No minucioso e orixinal análise que García Sabell fixo do poema, sostén que a «sombra é a conciencia existencial». Aplicando no seu demorado exame os principios da ideoloxía heideggeriana, conclúe que todo no poema conspira á expresión de anguria, tal como a entende a filosofía existencialista. A sombra rosaliana non é así algo negativo sinón unha capacidade básica do ser; non escuridade, en caso algún, sinón unha forza suscetible de se enteirar na Aurora. «En fin, a anguria como conciencia do ser human».

En calisquera caso, e fora do seu significado metapoético, «Negra sombra» é, sin dúbida, unha das máis fermosas composicións rosaliás. Os elementos estéticos dos que o poema depende teñen a cualitativa forza que singulariza ás milliores creacións de Rosalía. Non importa que a fonte inmediata de «Negra Sombra» esteña —como apunta Bouza Brey— en «El murmullo de las olas», de Aurelio Aguirre. Os pouco brillantes versos deste nada teñen que ver, agás o seu vencello temático, cos de «Negra Sombra», que supoñen a culminación dun motivo lírico esencial, susceptible —como dí Carballo Calero— de simbolizar todo o pensamento de Rosalía.

Rosalía de Castro dirixe aquí a ollada, como noutras creacións suas, ao sochán do seu eu. Pensa e canta a sua paisaxe interior, mergullada no indefinido e impreciso. Confunde os límites do real coas ribeiras do ensóño. Arrapizada pola alucinante atracción do seu mundo interno, a sua alma sinte o alagamento da sombra do pasado. ¿Qué pasado? ¿O pasado dun feito concreto que tivera operado anguriosamente no seu ánimo, ou a lembranza dun pasado máis xeneral? Señal cal for, o pasado parece contarlle, revelarlle a sua intimidade, e a poeta anota a sua xurdia interpretación estética. Ao deseñar o seu propio sentimento, a sua propia anguria, a palabra acusa un inusitado vigor vivencial. É resolta, áxil, soave e delicada. A atmósfera e a esencia da anguria que lle furta a inquietude da vida, trócanse simbólicamente en anguria do ser.

SALVADOR LORENZANA